

BIFC02 - Informática de oficina

Familia: Informática e comunicación. LOE. Básico.

Que se aprende a facer?

Realizar operacións auxiliares de montaxe e mantemento de sistemas microinformáticos, periféricos e redes de comunicación de datos, e de tratamento, reprodución e arquivamento de documentos, operando coa calidade indicada e en condicións de seguridade e de protección ambiental, con responsabilidade e iniciativa persoal, e comunicándose oralmente e por escrito en linguas galega e castelá, así como nalgunha lingua estranxeira.

En que ámbitos se traballa?

Actividades por conta allea en empresas dedicadas á comercialización, á montaxe, ao mantemento e á reparación de sistemas microinformáticos e de equipamentos eléctricos ou electrónicos, e en empresas que utilicen sistemas informáticos, para a súa xestión.

Que ocupacións desempeñan?

Axudante de montador/ora de sistemas microinformáticos; axudante de mantemento de sistemas informáticos; axudante de instalador/ora de sistemas informáticos; axudante de instalador/ora de sistemas para transmisión de datos; auxiliar de oficina; auxiliar de servizos xerais; gravador-verificador de datos; auxiliar de dixitalización; operador documental.

Cales son os módulos deste ciclo?

Módulos	Horas
Ciencias aplicadas I	175
Comunicación e sociedade I	206
Montaxe e mantemento de sistemas e compoñentes informáticos	296
Ofimática e arquivamento de documentos	233
Ciencias aplicadas II	162
Comunicación e sociedade II	135
Formación en centros de traballo	320
Instalación e mantemento de redes para transmisión de datos	206
Operacións auxiliares para a configuración e a explotación	205

Nota: Os módulos en negra están asociados a algunha unidade de competencia.

Que título se obtén?

Título profesional básico en Informática de oficina.

A que outros estudos se pode acceder?

Éste título permite o acceso a calquera ciclo formativo de grao medio e dá preferencia para a admisión, no caso de haber máis solicitudes que prazas, aos títulos de grao medio das familias profesionais de:

Edificación e obra civil	Informática e comunicacións
Electricidade e electrónica	Instalación e mantemento
Enerxía e auga	Madeira, moble e cortiza
Fabricación mecánica	Marítimo-pesqueira
Industrias extractivas	Química
	Transporte e mantemento de vehículos